

Sumario | nº12 – Decembro 2021

*Para que serve  
unha tese?*



OPINIÓN

As estadias breves

Nomeados os tribunais  
dos Premios Extraordinarios  
de Doutoramento 2019-2020



NOVA WEB

*Máis información de interese  
para doutorandos/as  
na nova web*

EDIUS NOVAS



catro  
cousas

Convocatoria  
de Propostas  
Erasmus+ 2022

EDIUS NOVAS

María Emilia Casas  
Baamonde, nova  
doutora honoris  
causa da USC

ENTREVISTA Antón Galocha

«As teses adoitan pecar de  
seren demasiado aburridas  
no seu aspecto, de non facer  
doadada a lectura»

EDIUS NOVAS

Novas ferramentas  
e metodoloxía para  
facilitar a comunicación  
e as relacións entre  
directores/as de tese  
e doutorandos/as

EDIUS NOVAS

Nerea Rodríguez Regueira  
recibe o Premio RUTE á Mellor  
Tese de Doutoramento  
Española no ámbito da  
Tecnoloxía Educativa

**NOVA WEB**

*Máis información  
de interese para doutorandos/as  
na nova web*



## NOVA WEB

Nas últimas semanas, implementáronse unha serie de cambios na web da USC que van máis aló do aspecto estético. Trátase de culminar un proceso para adaptar a estratexia comunicativa dixital da universidade e os seus contidos aos novos tempos e aos milleiros de persoas que diariamente fan uso desta ferramenta.

A USC quere potenciar ao máximo o uso da nova web en todos os niveis. Un dos esforzos céntrase no fomento do uso da intranet para que os/as usuarios/as poidan resolver os asuntos de tipo máis administrativo. No caso da Escola de Doutoramento (EDIUS), redobráronse os esforzos para conseguir que a nova web sexa unha ferramenta que proporcione máis información de interese para doutorandos e doutorandas.

Para que a nova web estea actualizada na súa totalidade quedan aínda unhas últimas adaptacións que quedarán resoltas nas vindeiras semanas. Para os/as investigadores/as da EDIUS, unha das novidades máis interesantes atopámola na información dispoñible dentro de cada un dos **Programas de Doutoramento**.

Por área de coñecemento | Por campus

**Todo** [Artes e Humanidades](#) [Ciencias](#) [Ciencias da Saúde](#)  
[Ciencias Sociais e Xurídicas](#) [Enxeñaría e Arquitectura](#)

Filtro de texto



<b>Artes e Humanidades</b>	<b>Programa de Doutoramento en Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe</b> Campus de Lugo	<b>Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura</b> Campus de Santiago de Compostela
	<b>Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura</b> Campus de Santiago de Compostela	<b>Programa de Doutoramento en Estudos Medievais</b> Campus de Santiago de Compostela

[← Ir ao sumario](#)

NOVA WEB

O doutorando ou doutoranda pode acceder a cada un dos PD existentes dentro de cada grande área (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura) e atopar ampla información de gran interese e utilidade. Ademais de poder coñecer en que consisten os programas, as persoas interesadas poden ir directamente ás ligazóns con información sobre admisión e matrícula, bolsas e axudas ou con explicacións sobre a normativa.

A maiores, en cada programa de doutoramento os/as usuarios/as poden ter acceso a información sobre a oferta e admisión, actividades formativas, complementos de formación, liñas de investigación, obxectivos e competencias, recursos materiais e teses defendidas, entre outros aspectos.

## Programa de Doutoramento en Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe

Tipo	Presencial
Área	Artes e Humanidades
Centro(s)	Escola de Doutoramento Internacional da USC Avenida das Ciencias, 6, 15782 Santiago de Compostela edius@usc.es
Campus	Lugo
Contacto	pd.estudiosculturais@usc.es
+info	Web do centro

Con este programa preténdese abordar de xeito interdisciplinar, por unha banda a investigación de carácter básico sobre teoría cultural, e por outra as investigacións socioculturais aplicadas á globalidade contemporánea, entre os que destacan as relacións entre memorias, paisaxes, migracións, identidades, dereitos humanos, creacións e movementos culturais, sendo abordados estes temas desde perspectivas interdisciplinarias que reúnen a investigadores dos campos: Antropoloxía Social e Cultural, Ciencia Política, Estudos literarios, Filosofía, Xeografía Humana, Historia, Historia da Arte, Lingüística e Socioloxía.

[↗ Admisión e matrícula](#)

[↗ Bolsas e axudas](#)

[↗ Normativa](#)

### Presentación

#### Oferta e admisión

#### Actividades formativas

#### Complementos de

**Duración:** –  
**Prezo/curso (aprox.):** Cursos ou complementos ECTS: 32,00 €/crédito  
Cursos non ECTS: 3,30 €/crédito Titoría anual UE: 200,00 € Titoría anual non UE: 400 €  
**Número prazas:** 14

**Universidade coordinadora:**  
Universidade de Santiago de Compostela

**Universidade(s) participante(s):**  
Universidade de Santiago de Compostela  
Univ. Haute Bretagne Rennes II

Dentro do apartado de **Liñas de Investigación**, os investigadores e investigadoras en formación teñen a oportunidade de explorar cales son as principais temáticas que se están a abordar nese eido do coñecemento. E, dentro de cada un dos temas, aparece unha listaxe cos nomes dos/as profesores/as que traballan nestas liñas de investigación. No caso do persoal da USC, os usuarios e usuarias da web poderán acceder directamente,

## NOVA WEB

pinchando sobre os nomes, a toda a información de interese con datos como teléfono e correo electrónico de contacto, as súas fichas no portal de investigación, os grupos de investigación aos que pertencen, e as materias que están a impartir no curso académico actual ou en anteriores. Trátase, en resumo, de que os/as doutorandos/as, ou os/as futuros/as doutorandos/as, poidan acceder de xeito rápido e sinxelo a información que pode ser moi relevante para a súa carreira investigadora.

### Directorio

Área      Filosofía Moral  
Teléfonos  
Correo electrónico  
Categoría      Profesor/a: Titular de Universidade

### Investigación

- [Ficha no portal de investigación](#)
- [Grupo de investigación: xustiza e igualdade](#)

### Materias con docencia

Curso 2021/2022

**Políticas culturais e interculturalidade**  
Máster Universitario en Servizos Culturais (3ªed)  
1ro curso | Primeiro semestre | Obrigatorio | Materias Obrigatorias

**Ética Aplicada á Produción e Xestión Cultural**  
Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural-Mod. Semipresencial  
4to curso | Primeiro semestre | Obrigatorio | Formación Específica en Produción, Xestión e Difusión Cultural-Mod.Semipresencial

\*

## INTRANET

Da man desta renovación estética, funcional e operativa, creouse unha intranet que contribúe, entre outros obxectivos, a mellorar a comunicación interna, a xestión documental e de procedementos. Esta foi a segunda de mellora da web institucional, logo de que en decembro de 2019, hai agora dous anos, fose renovada a 'web externa' e na que os traballos se centraron na imaxe que os usuarios percibían.

A introdución da intranet permite crear un novo ámbito de difusión da información que aproveita as vantaxes da nube empregando ferramentas familiares na xestión de contidos e totalmente integradas co uso de dispositivos móbiles.

[↩ Ir ao sumario](#)

\*

## FORMACIÓN

Na lapela da web adicada á EDIUS adquire moita importancia a formación. Este apartado está dividido en seis grupos de cursos e/ou seminarios:

- **Transversais**
- **Ciencias e Enxeñarías**
- **Artes e Humanidades**
- **Ciencias Sociais e Xurídicas**
- **Ciencias da Saúde**
- **Profesorado**

Dentro de cada un destes grupos, os usuarios poden ver cales son as formacións da EDIUS confirmadas previstas para os seguintes meses, con información sobre as datas de realización, de matrícula, horarios ou modalidade (presencial ou telemática). Ademais, o/a usuario/a ten acceso directo á Secretaría Virtual da universidade no caso de que queira formalizar a matrícula.

Formación

### Transversais

Curso 2021/2022	Módulo	Campus	Filtro de texto
<b>Análise e visualización de datos espaciais con R</b> 9, 10, 11, 16, 17 e 18 de febreiro de 2022 Actividade ONLINE   16:00-18:00 h	<b>Ferramentas dixitais de apoio para desenvolver artigos científicos</b> 22, 28 e 29 de abril de 2022 Aula da Biblioteca Universitaria de Lugo   de 16:00 a 20:00h	<b>Deseño e preparación de presentacións</b> 11 de marzo de 2022 (presencial), 18 e 25 de marzo de 2022, a través de TEAMS 11 de marzo, Aula de la Biblioteca Universitaria de Lugo; 18 e 25 de marzo, a través de Teams   de 9:30 a 13:30h	<b>Introdución á análise espacial e á econometría espacial con R</b> 21, 23 e 25 de marzo de 2022 Actividade ONLINE, usando Microsoft TEAMS   de 10:30 a 12:00h
<b>Introdución á programación de análises empíricas con R</b> 24, 26 e 27 de xaneiro de 2022 Actividade ONLINE, usando Microsoft TEAMS   de 10:30 a 12:00h	<b>Estatística científica cos algoritmos de R</b> 22, 23 e 25 de febreiro de 2022 Aula da Biblioteca Universitaria de Lugo   16:00 a 20:00h	<b>Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (Santiago-2ª ed.)</b> 1 e 3 de decembro de 2021 Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre   de 9:00 a 14:00h	<b>Como preparar unha carreira académica</b> Data: 25 de outubro de 2021 Actividade ONLINE   de 16:00 A 20:00h

Desde a Escola de Doutoramento faise un chamamento a todos os investigadores e investigadoras para que coñezan as novas posibilidades e ferramentas que a web lles brinda para que poidan mellorar o seu traballo e se aproveiten de todas as facilidades que esta lles ofrece.

[← Ir ao sumario](#)

---

## *Para que serve unha tese?*

---

A etapa da tese de doutoramento é un proceso moi importante na vida dos/as investigadores/as. Pero a importancia destes traballos vai máis aló da carreira profesional, xa que repercute en toda a sociedade.

Falamos con algúns directores e directoras para que nos comentasen, ao seu entender, para que serve unha tese.

*Para que serve unha tese?*

**OFELIA REY CASTELAO**

**Doutora en Historia Moderna**

A tese de doutoramento é o grao máis alto do sistema académico practicamente en todo o mundo. É un requisito para facer carreira investigadora ou docente nas universidades pero, sobre todo, é un reto persoal, formativo e de superación. Por esta razón fai o doutoramento tanto xente nova con contratos e bolsas, como profesionais -profesorado de Secundaria, persoal de arquivos, museo e bibliotecas, etc.-, incluso persoas xa xubiladas. Facer unha tese é atraente e a data da defensa pública é un fito importante tanto para os/as doutorandos/as como para as persoas que as diriximos.



**RAÚL EIRÍN NEMIÑA**

**Doutor en Ciencias da Educación**

Unha tese de doutoramento é un traballo de investigación orixinal, que procura dar resposta a un problema e incrementar o coñecemento sobre o mesmo. Dependendo do/a autor/a, dos seus intereses, circunstancias e traxectorias vitais e profesionais pode discorrer por distintos camiños. No meu caso, serviu como unha oportunidade de repensar a profesión docente que estaba a desenvolver nese momento, afondar en coñecementos sobre a mesma a distintos niveis e a posibilidade de proxectar estas ideas en outros desafíos profesionais. Significou a posibilidade de afrontar un desafío intelectual, compartido coas directoras da tese, docentes e colegas de doutoramento que colaboraron neste percorrido e do que nos fomos enriquecendo mutuamente.



*Para que serve unha tese?***JOSÉ RAMÓN POUSA ESTÉVEZ****Doutor en Comunicación Audiovisual e Publicidade**

Unha tese de doutoramento é unha investigación en profundidade que debería resolver unha ou varias dúbidas iniciais no plantexamento do traballo de investigación e que, na medida do posible, contribúa ao mellor coñecemento científico dentro dun determinado ámbito de traballo. Pero, sobre todo, é un exercicio para a formación, a maduración e a capacitación dun futuro investigador ou investigadora.

**CRISTINA ARES CASTRO-CONDE****Doutora en Ciencias Políticas**

Como científica social formada na racionalidade da investigación dirixida á resolución –ou á mellor xestión- de problemas, permítome contextualizar esta resposta botando man da seguinte reflexión de Ralf Dahrendorf: “a ciencia precisa publicación e discusión. Encarna a sociedade aberta. Porén, a investigación non se produce no mercado. Fai falla o silencio da reflexión precisa, o desenvolvemento de ideas con calma, o estudo sen interferencias do exterior”. As teses de doutoramento son un produto dunha sociedade libre e capaz de dedicar recursos á formación de persoas para o desenvolvemento e a transmisión das ferramentas intelectuais precisas para o diagnóstico –preferentemente temperá- de problemas e para a achega de solucións eficaces, eficientes e xustas. A tese proba, tamén, que a persoa autora está capacitada para o manexo de teorías, conceptos e outras ferramentas de creación e análise de datos nunha determinada área de coñecemento, así como mellor preparada para a discriminación e a sistematización de información, a innovación e a apertura de oportunidades de benestar social.




*Para que serve unha tese?***JOSÉ MARÍA FRAGA BERMÚDEZ****Doutor na área de Ciencias da Saúde**

O valor primario da tese é o que se obtén coa real experiencia de facela. O doutor ou doutora aprendeu como é o camiño da investigación, e as súas reviravoltas, como resolver as dificultades e como chegar con criterio crítico a uns resultados a valorar.

Cinco soen ser os intereses, desde o meu punto de vista, que levan a principiar unha tese: a) facer investigación, b) paso, ou proveito, para a carreira persoal posterior ou para mellorar as oportunidades laborais, c) prolongar o modo de vida de estudante mentres se busca un posto de traballo ou demorar esta última responsabilidade no tempo, d) facer carreira universitaria, e) o propio pracer persoal de obter o título de doutor.

As teses en España son feitas nun 25% por menores de 29 anos; case un 35% polos que teñen 30-34 anos e case un 25% por maiores de 45 anos. Os valores ou a aplicación de para que serve unha tese ten contestación moi diferente. En calquera caso, facer unha tese sempre é un enriquecemento.

**ANUSKA MOSQUERA CORRAL****Departamento de Enxeñaría Química**

A tese de doutoramento ten dous obxectivos estreitamente relacionados entre si. Por unha banda, a súa realización é fundamental para a formación e o desenvolvemento persoal do/a doutorando/a. Nesta etapa, o/a estudante progresa de xeito constante adquirindo, non só coñecementos específicos do tema de traballo, senón outras habilidades precisas como a capacidade investigadora, creatividade e capacidade de resolución de problemas. Por outra, a súa realización constitúe un valor engadido para o/a doutor/a, favorecendo o desenvolvemento da súa carreira profesional e abríndolle un grande abano de posibilidades laborais tanto no sector público como empresarial.

*Para que serve unha tese?*



**ÁNGEL GARCÍA ALONSO**

**Medicina molecular e Enfermidades crónicas**

Eu abordaría a cuestión de para qué serve unha tese de doutoramento dende unha dobre perspectiva: Por un lado, está a perspectiva de formación investigadora. Se che interesa desenvolver unha carreira investigadora, xa sexa en organismos públicos ou en empresas privadas, unha tese de doutoramento ofréceche a posibilidade de adquirir unha experiencia práctica imprescindible, así como uns coñecementos teóricos especializados que van máis aló do que se teña feito nas distintas prácticas do grado ou Master.

Por outro lado, está a perspectiva de desenvolvemento persoal e profesional. Unha tese no é só traballo experimental, é tamén adquirir hábitos de razoamento crítico, elaboración de hipótesis, autonomía á hora de organizar o traballo experimental, e traballo en equipo. Todo isto reflectirase en que no día de mañá o futuro doutor ou doutora teña unhas habilidades intelectuais e profesionais que lle abrirán portas para poder optar a mellores saídas profesionais, incluso aquelas non estrictamente ligadas ao mundo da investigación.

**SULAY TOVAR CARRO**

**Medicina molecular e Enfermidades crónicas**

A tese é unha etapa fundamental porque nela recíbese non só formación en investigación, senón tamén en disciplinas transversais que poden ser de utilidade no futuro profesional. Nesta etapa, adquirense destrezas técnicas, pero o máis importante é que se aprende a pensar e a enfrontarse a retos, de maneira que os problemas se afrontan desde unha perspectiva científica. E, por suposto, non podemos esquecer que durante a tese realízanse achegas á xeración de coñecemento.

En resumo, apórtache experiencia tanto a nivel profesional como persoal. E un consello: gozade do camiño, con todo o proceso e pasádeo ben malia as dificultades, sacando o mellor de cada situación.



*Para que serve unha tese?*



**FERNANDO JULIO PONTE HERNANDO**

**Doutor en Medicina (USC), en Historia da Ciencia (UDC) e en Veterinaria (UEx)**

Considero que facer unha tese de doutoramento xera diversos resultados positivos:

1. Desenvolve ou aumenta o pensamento crítico.
2. Forma a un/ha investigador/a de calidade. É un xiro copernicano pasar de ser graduado ou licenciado, o que se consegue a base de ler e estudar o que outros fan, sen máis, a producir, como doutor/a, o que outros lerán ou estudarán.
3. Ensina os instrumentos básicos para seguir facendo investigación orixinal: busca de fontes primarias e secundarias, análises e avaliacións críticas das mesmas, contraste de ideas entre os diversos autores lidos e, por suposto, asomarse a un área temática, adquirindo un gran coñecemento dela, por máis reducido que poida ser o tema ou período a estudar.
4. Determina unha nova disciplina mental no/a doutor/a e lle confire unha capacidade moito máis panorámica de ver as cuestións intelectuais e, con frecuencia, auméntalle o abano das mesmas a áreas veciñas e incluso afastadas da traballada.
5. En resumo, creo que forma ao universitario integral, afastándose da orteguiana “barbarie do especialismo”.



**EDIUS**

**SIGUENOS  
EN LINKEDIN**



Mª del Rosario Rodil

Ciencias e Enxeñarías

*«A estadia pode aportar moito máis: a experiencia, viaxes, o achegamento a unha cultura e unha lingua estranxeiras...»*

[↩ Ir ao sumario](#)

## OPINIÓN

# As estadias breves

Hai quen pode velas coma un mero trámite para acadar a mención de Doutoramento Internacional ou unha liña adicional no Currículo Vitae, pero unha estadia breve pode aportar moito máis.

As estadias breves son períodos de tempo curtos de duración variable, normalmente de entre tres e seis meses, nas que o persoal investigador pasa a formar parte dun grupo de investigación que o recibe durante ese intervalo de tempo.

Desde o punto de vista do desenvolvemento da tese, a estadia pode mellorar a calidade do traballo de investigación, pode achegar un cambio de enfoque ou visión, dar acceso a bases de datos ou a mostras diferentes das que temos na universidade de orixe. Tamén, pódese aproveitar para aprender novas metodoloxías ou empregar instrumental do que non dispoñemos no centro de procedencia. Outro aspecto moi importante é que noutros centros, universidades e países teñen distintas formas de funcionar e a estadia pode ser útil para descubrir novas formas de traballar.

Porén, non hai que deixar de lado o punto de vista persoal. A estadia pode aportar moito máis: a experiencia, viaxes, o achegamento a unha cultura e unha lingua estranxeiras... As estadias breves ofrecen unha oportunidade única para coñecer outras persoas da túa área e facer contactos profesionais ou persoais. Moitas veces, dunha estadia pode saír un futuro posdoutoramento así como colaboracións diversas a curto, medio ou longo prazo. Outras veces, mesmo podemos atopar a motivación de cara á carreira investigadora que queremos desenvolver.

En ocasións, o aproveitamento das estadias breves vese cuantificado polo número de publicacións ou comunicacións a congresos que provén, pero non queda aí. As estadias promoven o desenvolvemento profesional, a adquisición de novos coñecementos e competencias. Estas, son unha oportunidade de intercambio de novas ideas e metodoloxías, ademais de unha axuda á hora de fortalecer o carácter e a madurez científica e persoal.

Por todas estas razóns, se tes a oportunidades de realizar unha estadia nalgún centro ou universidade distinto do teu, ben no estranxeiro ben noutro punto do Estado, faina e aproveítala ao máximo. Intenta coñecer o maior número de persoas, aprender todo o que poidas, non só aquilo que fuches estudar, colaborar coa xente e, ante todo, gozar dela.




Os resultados:

## Estadías

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida.)


### Facer unha estadía noutra universidade ou noun centro de investigación é...

- Imprescindible para a miña formación doutoral
- Necesario para a miña formación doutoral
- Prescindible para a miña formación doutoral



### Para facer unha estadía prefiro unha universidade ou un centro de investigación de...

- Galicia
- España
- Europa
- América
- Asia



[↩ Ir ao sumario](#)




Os resultados:

## Estadías

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida.)


### A duración recomendable para facer unha estadía debería ser...

- Unha semana
- Un mes
- Tres meses
- Seis meses
- Un curso enteiro
- Dous meses



### Quen debería financiar as estadías?

- A institución na que está inscrita a tese
- A través de axuda /convocatorias públicas
- O grupo de investigación ao que se vincula a tese
- Cada quen a súa
- A institución que acolle ao investigador/a



[↩ Ir ao sumario](#)



**catro  
cousas**

# Redes sociais

Responder pregunta





## Nomeados os tribunais dos Premios Extraordinarios de Doutoramento 2019-2020



Xa foron nomeados os tribunais de premios extraordinarios de doutoramento das teses defendidas durante o curso académico 2019-2020 e que obtiveron a calificación de *cum laude*. O prazo para presentar as solicitudes para recibir este recoñecemento rematou o pasado 3 de outubro.



En total, son 108 os investigadores que optan a estes premios extraordinarios cuxos nomes aparecen na listaxe definitiva publicada o 11 de novembro. Trátase de 33 teses de doutoramento da área de Artes e Humanidades, 13 de Ciencias, 38 de Ciencias da Saúde, 16 de Ciencias Sociais e Xurídicas e 8 traballos de Enxeñaría e Arquitectura.

Os tribunais para avaliar estas teses son cinco, un por cada grande área de coñecemento. O tribunal está constituído, como mínimo, por tres membros titulares e tres suplentes. Todos deberán ter concedido polo menos un sexenio de investigación.

Cada unha das comisións sectoriais foi a encargada de propor á EDIUS o tribunal correspondente a cada unha das grandes áreas.

A composición destes tribunais quedou distribuída do seguinte xeito:



Santiago Fernández Mosquera	P
Miguel Cabo Villaverde	V
Ángel Ruiz Pérez	V
Rocío Sánchez Ameijeiras	V
Xavier de Donato Rodríguez	S
Tomás Jiménez Juliá	PS
Ignacio Palacios Martínez	VS
Ramón Blanco Chao	VS
Mª Jesús Vázquez Lobeiras	VS
Xesús Blanco Echauri	SS



Antonio Manuel Martínez Cortizas	P
José Carlos Díaz Ramos	V
Alberto José Coelho Cotón	V
Jesús Manuel Mosqueira Rey	V
Manuel Caamaño Fresco	S
Mª Teresa del Carmen Barral Silva	PS
Eduardo García Río	VS
Elisa María Rubí Cano	VS
Manuel Vázquez Ramallo	VS
José Manuel Sánchez de Santos	SS

**Ciencias  
da Saúde**

Abel García García	P
María Isabel Loza García	V
Jorge Blanco Álvarez	V
Juan Miguel Barros Dios	V
Ana de Castro Ríos	S
María Teresa Rodríguez Ares	PS
Raimundo Mateos Álvarez	VS
Jesús Rodríguez Requena	VS
David Araújo Vilar	VS
Nuria Alemañ Posadas	SS

**Ciencias Sociais  
e Xurídicas**

Luis Míguez Macho	P
Xosé Soengas Pérez	V
Antonio Rial Boubeta	V
Ana María Porto Castro	V
Isabel Neira Gómez	S
Pedro Ortego Gil	PS
Francisco Campos Freire	VS
Adriana Gewerc Barujel	VS
Pablo Meira Cartea	VS
Eva María Aguayo Lorenzo	SS

**Enxeñaría  
e Arquitectura**

Manuel Guaita Fernández	P
Juan Manuel Garrido Fernández	V
Juan Enrique Arias Rodríguez	V
María Jesús Sainz Osés	V
Gerardo Pereira Gonçalves	S
Manuel Méndez Lodos	PS
Pastora María Bello Bugallo	VS
Jesús María Rodríguez Presedo	VS
Juan Luis Fernández Lorenzo	VS
Francisco Omil Prieto	SS

[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**



# Convocatoria de Propostas Erasmus+ 2022

A Comisión Europea vén de facer pública a nova Convocatoria de Propostas Erasmus+ 2022 para proxectos de cooperación transfronteiriza dirixida a organismos públicos ou privados activos nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade e o deporte.

Na convocatoria diferéncianse accións concretas nas que se poden presentar as solicitudes. Cada unha delas ten o seus propios prazos.

O prazo para presentar as solicitudes dependerá da convocatoria. As persoas interesadas en optar a esta convocatoria poderán enviar un correo electrónico á dirección: [international.projects@usc.es](mailto:international.projects@usc.es), ou ben chamando ao teléfono da Universidade nas extensións telefónicas: 11113, 12845, 12876, 12897.

## Accións xestionadas polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE):

- Asociacións para a cooperación
- Asociacións a pequena escala
- Asociacións de cooperación

## Accións xestionadas pola European Education and Culture Executive Agency (EACEA):

- Asociacións de excelencia:
- Centros de excelencia profesional
- Academias de profesores Erasmus+
- Acción Erasmus Mundus
- Universidades Europeas
- Asociacións para a innovación
- Alianzas para a innovación
- Desenvolvemento de capacidades

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Nerea Rodríguez Regueira recibe o Premio RUTE á Mellor Tese de Doutoramento Española no ámbito da Tecnoloxía Educativa

Nerea Rodríguez Regueira, membro do grupo de Investigación **Stellae** da USC, foi galar-dada pola Rede Universitaria de Tecnoloxía Educativa (**RUTE**) co primeiro premio na V edición do Premio RUTE á Mellor Tese de Doutoramento Española.

A tese de Nerea Rodríguez, titulada “Os libros de texto dixitais. Unha análise descritiva e interpretativa das súas características”, analiza os libros de texto dixitais dispoñibles para o profesorado galego dos últimos niveis da educación Primaria (quinto e sexto). Foi dirixida por outro investigador do grupo Stellae, Jesús Rodríguez Rodríguez, e defendida o 2 de xullo de 2020 de maneira telemática cunha cualificación de “Sobresaliente *cum laude*”.

En palabras da propia doutora, trátase dunha investigación “partindo da hipótese de que estes ‘novos’ recursos xurdiron para dar resposta a un sector económico en auxe e que, polo tanto, para o seu deseño non se teñen en conta as características propias dun material didáctico dixital”.

Para levar a cabo este traballo, Rodríguez Regueira realizou unha investigación bibliográfica sobre o estado da cuestión a nivel mundial (do que xurdiu unha publicación que a día de hoxe segue a recibir citacións e visitas de diversas partes do mundo) e creouse unha guía de análise de libros de texto dixitais “dirixida a desentrañar as



Nerea Rodríguez Regueira, Premio RUTE á Mellor Tese de Doutoramento Española no ámbito da Tecnoloxía Educativa

súas características tecnolóxicas, pedagóxicas e funcionais a través de 5 unidades de estudo”.

Ao preguntarlle sobre o que significa este recoñecemento, Nerea Rodríguez, destaca o feito de que a tese fose defendida en plena pandemia

[↩ Ir ao sumario](#)

“sendo unha das primeiras que se fixo de xeito *online*”. Isto, segundo explica, levou consigo que o acto de defensa, “que adoita ser especial en si mesmo e, se ve enriquecido pola presenza de persoeiros, familiares e amigos, non se producira”. A investigadora tamén nomea un efecto positivo desta situación tan atípica, xa que asistiron, aínda que sexa de xeito virtual, persoas que doutro xeito nunca o farían, “por exemplo, persoas de América latina ou profesionais que non poderían viaxar presencialmente a Santiago polos seus horarios de traballo”.

Nerea Rodríguez fai tamén referencia ao seu traballo como mestra de Educación Infantil, “a defensa produciuse ao final dun curso escolar moi complicado marcado pola pandemia que se estendeu ao curso seguinte”. Polo tanto, estas dúas situacións, “xunto coa sensación que un ten cando remata unha tese, entre o alivio de poñerlle fin e a impresión de que che falta algo, fixeron que este premio non só fora un recoñecemento ao traballo destes anos, senón que supuxo poñer os pés na terra e ser consciente do traballo realizado”. A premiada afirma que o galardón non é unicamente un recoñecemento académico, “senón que é o recoñecemento a unha traxectoria profesional na que, no meu caso, se entrelazan dous camiños de xeito inseparable: o de investigadora e o de mestra”.

**«é o recoñecemento a unha traxectoria profesional na que, no meu caso, se entrelazan dous camiños de xeito inseparable: o de investigadora e o de mestra»**

A doutora pola USC destaca que o seu obxectivo é transmitir, sobre todo ás persoas que están agora mesmo no proceso de realización dunha tese, “que as dificultades que atopas no camiño poden tornarse en oportunidades se lle damos o enfoque adecuado”. No seu caso, a falta de bolsas económicas “fíxome opositar”. E, agora, “ser mestra deume unha visión particular da temática a investigar e achegoume a opinión de docentes, familias e cativos que coido me fixeron reflexionar sobre aspectos que doutro xeito quizais nunca chegaría a ter en conta”.

**EDIUS** **NOVAS**

## María Emilia Casas Baamonde, nova doutora honoris causa da USC



María Emilia Casas Baamonde no acto de investidura.

María Emilia Casas Baamonde é, desde o 3 de decembro, doutora honoris causa da Universidade de Santiago de Compostela. No acto de investidura, que tivo lugar no Paraninfo da USC, entreviú como padriño o profesor Javier Gárate Castro, catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social pola Universidade Complutense de Madrid, esta maxistrada galega foi a primeira muller á fronte do Tribunal Constitucional entre os anos 2004 e 2011. Ademais, Casas Baamonde formou parte da Comisión Xestora e Vice-reitora de Relacións Internacionais e Institucionais da Universidade

Carlos III de Madrid, do Consello do Instituto Internacional de Ciencias Políticas e do de Dereitos Humanos Bartolomé de las Casas. Foi, tamén, directora académica do Instituto Europeo de Relacións Industriais da Universidade Carlos III de Madrid e participou en numerosos grupos de expertos e expertas da UE.

O acto está aberto á participación da comunidade universitaria. As confirmacións de asistencia deben ser remitidas antes do 26 de novembro ao correo electrónico: [reitor.secretaria@usc.gal](mailto:reitor.secretaria@usc.gal)

O evento tamén poderá seguirse en liña a través da [canle de Youtube da USC](#).

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Nova conferencia do CiQUS sobre ‘*Transition metal catalyzed C-H activation*’

O CiQUS (Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares) programa unha nova conferencia da man do profesor **Igor Larrosa** (Universidade de Manchester) como relator convidado.

Baixo o título “*Transition metal catalyzed C-H activation: reactivity and selectivity control and late-stage functionalization*” a conferencia impartirase o xoves 2 de decembro ás 12.30 horas na Sala de Seminarios, cuxa capacidade está limitada a 40 persoas.

A conferencia tamén será emitida en liña a través de Zoom. Para asistir de forma virtual é preciso inscribirse na ligazón inferior.

## Conferencia sobre ‘*Quevedo y Felipe IV: el memorial Católica, Sacra, Real Majestad*’

O doutor Fernando Plata Parga (Colgate University, EE.UU.) impartirá o 3 de decembro a conferencia “*Quevedo y Felipe IV: el memorial Católica, Sacra, Real Majestad*”. O relatorio, que se celebrará ás 12:00 horas na aula 18 da Facultade de Xeografía e Historia (USC), está organizado polo Mestrado de Historia Moderna ‘*Monarquía de España. Séculos XVI-XVIII*’ e coordinado polo profesor Domingo L. González Lopo. Trátase dunha actividade aberta á participación de toda a comunidade universitaria.

## Un achegamento á obra de María Zambrano e Fernando Pessoa

A Facultade de Filoloxía da USC, en organización conxunta coa Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade, acolle un obradoiro teórico-práctico de investigación creativa que inclúe un ciclo de tres proxecións sobre: María Zambrano, Fernando Pessoa e José Ángel Valente. En novembro foi a quenda de Pessoa, o 9 de decembro a sesión centrase en María Zambrano e, o 16 de decembro, en José Ángel Valente. Todas as sesións teñen lugar ás 18.30 horas na Sala de Graos da Facultade.

## Charla sobre o panorama asociativo do Portugal rural

O 3 de decembro, Natália Pereira impartirá a conferencia “*O panorama asociativo do Portugal rural: trajetórias e mecanismos de ação na construção da orgânica corporativa do Estado Novo no Distrito de Braga*” na Facultade de Xeografía e Historia da USC.

Os Seminarios de **HISTAGRA** son un punto de encontro para o debate colectivo entre estudantes, investigadores/as, especialistas e, en xeral, todas as persoas interesadas nas liñas de investigación deste grupo e no traballo dos investigadores e investigadoras.

[↩ Ir ao sumario](#)



**EDIUS** **NOVAS**

## O profesorado axudante doutor tamén se beneficiará do complemento de produtividade investigadora

O complemento de produtividade investigadora ao profesorado axudante doutor da USC xa é unha realidade despois de que o **Consello de Goberno ratificara o acordo**.


O pacto, que fora previamente asinado entre a universidade e as organizacións sindicais con representación na mesa de negociación de Persoal Docente e Investigador (PDI), reconece o dereito á correspondente avaliación do labor investigador deste colectivo nas mesmas condicións que o PDI con vinculación permanente.

Esta medida atópase en consonancia coas premisas que vertebran o Plan plurianual de Profesorado 2019-2022 e ao abeiro do cal se teñen adoptado, nos últimos anos, diversas medidas tanto en materia de dotación de prazas como na mellora das condicións laborais deste colectivo. O devandito acordo terá eficacia indefinida e o profesorado interesado concorrerá nas convocatorias que publique a USC para estes efectos desde 2021 e en adiante, debendo acreditar os requisitos que nelas se establezan e obtendo unha avaliación positiva por parte do órgano que se designe.

En materia de PDI, tamén se aprobaron prórrogas de profesorado asociado, comisións de selección de prazas e modificouse a denominación da área de coñecemento propia da USC Psicoloxía Organizacional, Xurídico-Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento pola de Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense. Completando o capítulo de xestión de persoal, o Consello tamén aprobou a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Persoal de Administración e Servizos (PAS), coa intención de reforzar a xestión relativa ao persoal de investigación e realizar axustes que optimicen o funcionamento do PAS da Universidade.



[↩ Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades Decembro 2021

### CURSOS E TALLERES

#### Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (Santiago - 2ª ed.)



PRESENCIAL: 1 e 3 de decembro de 2021 de 9:00 a 14:00h  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

#### Taller de deseño e edición de materiais para presentacións escritas



Facultade de Ciencias da Comunicación: 16 e 17 de decembro de 2021  
Matricula: do 3 ao 10 de decembro de 2021

#### Saídas profesionais fóra do laboratorio académico. ¿Qué facer co meu doutorado?



ONLINE: 24 de novembro e 1 de decembro de 2021  
Día 24, de 16:00 a 18:00; día 1, de 16:00 a 19:00

#### *How to Improve your Scientific Presentations*




PRESENCIAL SANTIAGO: 16 e 17 de decembro de 2021 de 9:00 a 18:00  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

### Para profesorado

#### Taller de Xestión de Equipos



14 e 21 de decembro de 2021, e 18 e 25 de xaneiro de 2022  
Actividade ONLINE | de 16:30 a 18:30



# Formación

## Actividades Decembro 2021

### ► Seminarios

#### Sobre los sesgos inductivos en el aprendizaje científico automático

##### Matemática aplicada

Data: 2 de decembro de 2021

Hora: 11:30

Lugar: MS Teams

#### “Fabricación de dispositivos ópticos con láser”

##### Seminarios Formativos en Láser, Fotónica e Visión 2021

Data: 3 de decembro de 2021

Hora: 11.00

Lugar: MS Teams

#### Nanoscopy, Metabolic Imaging and Intracellular Sensing based on Nanophotonics and Nonlinear Microscopy approaches

##### Seminarios Formativos en Láser, Fotónica e Visión 2021

Data: 17 de decembro de 2021

Hora: 11.00

Lugar: MS Teams

**EDIUS** **NOVAS**

## Novas ferramentas e metodoloxía para facilitar a comunicación e as relacións entre directores/as de tese e doutorandos/as

Desenvolver habilidades de liderado e xestión de equipos no ámbito académico, este é o principal obxectivo da formación que a EDIUS organizou para directores e directoras de teses ao longo de 5 sesións durante os meses de novembro e decembro.



Beatriz García Cibreiro, consultora especializada na comunicación corporativa e mentorización de proxectos, e Noelia Rodríguez Álvarez, asesora e formadora nas áreas de Innovación estratéxica e emprendemento.

“De directores e directoras de tese a referentes. Habilidades de liderado e xestión de equipos” é o título da formación, impartida por Beatriz García Cibreiro, consultora especializada na comunicación corporativa e mentorización de proxectos; por Noelia Rodríguez Álvarez, asesora e formadora nas áreas de Innovación estratéxica e emprendemento; Esther Trujillo, experta en liderado, responsabilidade social e relacións organizacionais; e por Elvira Reche, psicóloga e investigadora especializada no acompañamento de persoal investigador e doutorandos/as.

[↩ Ir ao sumario](#)

Ao longo das sesións, os/as directores/as coñeceron novas metodoloxías, ferramentas, pautas e opcións para detectar e coñecer as necesidades do alumnado.

Na primeira das sesións, as relatoras explicaron que, desde hai anos, estase vivindo un cambio de paradigma e debemos coñecer como é o perfil do/a novo/a doutorando/a para aprender a ter unha mellor relación co alumnado e facer do traballo doutoral un proceso o máis frutífero posible. Para iso, os/as directores/as de tese deben saber cales son as necesidades e os problemas dos/as investigadores/as.

Unha das especialistas que impartiu a formación, Noelia Rodríguez, explica que, na actualidade, para dirixir unha tese hai que ter en conta que “existen, en todo o mundo, novas formas de entender os estudos de doutoramento”. Rodríguez engade que este proceso de cambio orixinouse a raíz das crises económicas, “mudou a forma na que vivimos, estudamos... Houbo unha transformación importante a nivel global”, apunta.

Pola súa banda, Beatriz García comenta que hai unha maior diferenza entre as xeracións, “o que dificulta o entendemento”. Asegura, ademais, que en moitos casos “non se comparten valores, mentalidade, nin obxectivos”. Esta fenda interxeracional, explica, agravouse aínda máis a raíz da pandemia pola Covid-19.

Por este motivo, é máis necesario que nunca atopar novas ferramentas para facilitar as relacións futuras entre directores/as e doutorandos/as.



Beatriz García Cibreiro nun instante da sesión.

ENTREVISTA



Antón Galocha

O profesor de deseño e xornalista Antón Galocha imparte nestes días a formación 'Deseño e edición de materiais para presentacións escritas'. O curso poñerá a disposición do estudiantado o coñecemento básico e a presentación das ferramentas adecuadas para realizar o deseño dunha edición escrita clara e atractiva. Galocha López lémbrales aos/as doutorandos/as que "o seu traballo vai ser xulgado, por suposto, polo seu contido, pero a imaxe que del transmita é esencial".

Antón Galocha,  
profesor do curso 'Deseño e edición'

## «As teses adoitan pecar de seren demasiado aburridas no seu aspecto, de non facer doada a lectura»

### Por que os doutorandos e doutorandas precisan un curso deste tipo?

Un curso de deseño precisámolo todos, máis aínda agora que vivimos permanentemente no mundo da imaxe. Aqueles que neste momento están traballando nunha investigación que terán que presentar ante un tribunal aínda o precisan máis, porque o seu traballo vai ser xulgado por suposto polo seu contido, pero a imaxe que del transmita é esencial. Dicía Antonio Franco, fundador de El Periódico, que o deseño é como o envoltorio dun caramelo, non se come pero invita, ou non, a saborealo. Despois o sabor será o que sexa.

### Ten o deseño máis importancia actualmente nunha sociedade hipnotizada pola imaxe?

Claro. Somos a imaxe que proxectamos e por iso existe a moda e por iso existen os prescritores de moda. A moda non son só as vestimentas. Tamén hai modas no deseño, claro: as tipografías van mudando e o que hoxe 'mola' mañá vese antigo. E iso mesmo apoia a mensaxe que queremos transmitir. Se vendemos algo tradicional procuramos traballar con tipografías tradicionais, por exemplo...

### Ata que punto o deseño pode mellorar a presentación dunha tese de doutoramento?

De entrada pode facela máis atractiva ou menos. Hai unha serie de normas básicas que as universidades fixan, ou polo menos suxiren, para presentar as tese, pero eu penso que calquera mellora que se achegue no deseño facilitará a lectura e a comprensión do contido que, insisto sempre, é o esencial. As teses adoitan pecar no seu aspecto de seren demasiado aburridas, de non facer doada a lectura. E tamén adoecen moitas veces de falta de imaxes, porque pensamos, creo que erroneamente, que a foto, a ilustración, a infografía son demasiado transgresoras. Botarlles un ollo aos medios para ver como pretenden achegarse aos lectores é un exercicio importante que debemos facer tamén desde o mundo académico.

### De que maneira a parte estética afecta á comprensión do contido e nos condiciona á hora de tomar decisións?

Un vello axioma da publicidade propón captar a atención, sorprender, e despois enganchar, seducir. Eses dous pasos danse en xeral en todo proceso

[↩ Ir ao sumario](#)

de comunicación. Se non hai unha chamada de atención inicial, a mensaxe pode nin chegar ao destinatario. Se chega pero non esperta interese, tampouco será eficaz. Pero o deseño debe ademais converter ese atractivo en parte da mensaxe para facela máis intelixible para o receptor. A simple elección dunha tipografía pode reforzar ou dificultar a comprensión dunha mensaxe. Ou facela máis atractiva e predispoñer máis favorablemente (ou menos) ao que a recibe. No caso dunha tese aos membros do tribunal, claro.

### **O curso fala de estratexias básicas para conseguir unha comunicación eficaz, a que se refire?**

